



RESOLUCIÓN do 26 de agosto de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se acorda a ampliación do prazo para a resolución definitiva das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2016 (financiadas polo Fondo Europeo da Pesca).

De conformidade co disposto no punto 5 do artigo 18 da devandita orde de 24 de maio de 2016, no ano 2016, a primeira fase de adxudicación para cada GALP realizarase con anterioridade ao 31 de agosto.

De conformidade co disposto na disposición derradeira primeira, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro está facultada para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento da orde

O artigo 42.6º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece que «Excepcionalmente, poderá acordarse a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación mediante motivación clara das circunstancias concorrentes e só unha vez esgotados todos os medios a disposición posibles.

De acordarse, finalmente, a ampliación do prazo máximo, este non poderá ser superior ao establecido para a tramitación do procedemento.

Contra o acordo que resolva sobre a ampliación de prazos, que deberá ser notificado aos interesados, non caberá recurso ningún».

Neste sentido, de conformidade cos preceptos amentados, ante o elevado número de solicitudes formuladas e os medios persoais e materiais dispoñibles cómpre acordar a ampliación do prazo para a resolución definitiva das solicitudes ata o 31 de outubro de 2016.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2016

